
NOTICIAS NA COMUNIDADE GALEGA

- **CONCURSO DE ENXENIO E ENTRETENEMENTO**

- **MATEMATICOS INTERCENTROS SANTIAGO 2000**

O xoves, día 4, na praza da Quintana de Santiago, celebrarase a fase final do Concurso, de 10 a 12 horas.

Durante o resto da mañan, as mesas de traballo e o material estaran a disposición do público.

A entrega de Premios sera as 13.30 no Concello de Santiago.

Colaboran:

* **ENCIGA:** Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia

* **USC:** Facultade de Matemáticas e Vicerrectorado de Extensión Cultural

* **CONCELLO DE SANTIAGO:** Departamento de Educación e Mocidade

* **XUNTA DE GALICIA:** Dirección Xeral de Ordenación Educativa e F.P.

* **Centro Comercial Compostela HIPERCOR- El Corte Inglés.**

- **Ano 2000 en televisión**

O martes 11 de abril comenzouse a emitir en TV2, en "*La Aventura del Saber*", de 10 a 11 da mañan os martes, a serie "*Universo Matemático*". O 2 de maio emitirase o terceiro capítulo, "As cifras", e se interrompirá a emisión ata setembro.

- **Primeiro Premio de Matemáticas TRISQUEL patrocinado por Torculo Edicions**

Este premio de 250.000 pta. vai dirixido a grupos de ESO do ensino público de Galicia.

Premiarase unha experiencia didáctica de Matemáticas realizada por un grupo nos cursos 98-99 ou 99-00.

O prazo de entrega dos traballos remata o 10 de Xullo de 2000.

O traballo premiado e os finalistas seran publicados pola Editorial Torculo. A entrega de premios farase durante o 13 Congreso de ENCIGA (Novembro 2000).

Na documentación farase constar o Centro, profesor/a e grupo, e lista de alumnos. Os concursantes deben enviar unha memoria (max. 20 páxinas DIN A4, letra 12 pt., interl. 1,5 cm), cos anexos que se consideren necesarios para a mellor explicación da actividade.

Enderezo:

Torculo Edicions S.L. Rosalia de Castro 45
15706 Santiago.

Tf. 981 592 600 Fax 981 591 863

[Os membros do grupo TRISQUEL non poden participar]

- **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DA CORUÑA**

[Actividades, cursos e seminarios](#) que se están a desenvolver nos centros públicos con motivo do Ano 2000. (hai boletíns e textos en formato PDF)

- **ACTIVIDADES EN SANTIAGO con motivo do AMM2000**

- * **1.- Exposición Matemáticas en Xogo**

Do 8 o 15 de Abril, en horarios de mañan e tarde estivo aberta unha exposicion de actividades e xogos matemáticos no Centro Comercial Compostela Hipercor- El Corte Ingles de Santiago.

Acudiron os alumnos de todos os centros da zona e público en xeral.

Os sabados 8 e 15 pola tarde houbo tamen unha exhibicion de membros da Sociedade Española de Papiroflexia que realizaron figuras xeométricas tridimensionais e outros motivos.

- * **2.- Concurso de Enxeño e Entretenemento Matemático Intercentros Santiago 2000.**

O día 4 de Maio celebrárase na parte vella da cidade de Santiago a fase final deste concurso, no que interveñen equipos de todos os centros da zona.

Patrocinan este concurso:

- ENCIGA (Asoc. de Ensinantes de Ciencias de Galicia)
- Concello de Santiago (Conc. de Cultura)
- Universidade de Santiago (Fac. de Matemáticas, Vicerr. de Extension Cultural)
- Xunta de Galicia (Dir. Xeral de Ord. Educativa e F.P.)
- Centro Comercial Compostela Hipercor- El Corte Ingles.

- ***3.- O prof. Antón Labraña impartiu unha conferencia** o 12 de Abril no IES do SAR (Santiago), as 11 horas, co titulo "O universo matemático"

- **Xornadas en Lugo, do 11 ó 13 de abril.**

O Centro de Formación e Recursos de Lugo organiza as ['Xornadas 2000'](#) do 11 ó 13 de abril, con conferencias e obradoiros.

- **I ENCONTROS DE MATEMÁTICAS CON CALCULADORA**

O Centro de Formación e Recursos da Coruña organizou os ["I ENCONTROS DE MATEMÁTICAS CON CALCULADORA"](#) na rúa Pepín Rivero, s/n , 2º andar (Edificio da UNED) - A Coruña.

e-mail: cefore.educo@xunta.es

e-mail: mpazos@teleline.es

- **Actividades convocadas pola Universidade da Coruña.**

- 1.- [CICLO DE CINE](#) (A Coruña, Ferrol)

MATRIX

EL INDOMABLE WILL HUNTING

PI, FE EN EL CAOS

MOEBIUS
HACKERS
CUBE

2.- CICLO DE CONFERENCIAS

(A Coruña)

AS MATEMÁTICAS E A SÚA HISTORIA
MATEMÁTICAS E BIOTECNOLOXÍA
AS MATEMÁTICAS E A SUA DIDÁCTICA

(Ferrol)

XORNADAS CONMEMORATIVAS DO AMMM2000

3.- PREMIO DE FOTOGRAFIA MATEMÁTICA

Traballos fotográficos que terán como contido as matemáticas e a súa relación co home.

4.- EXPOSICIÓN (A Coruña, Ferrol)

ESCHER
FOTOGRAFIA MATEMATICA

- **Día 5 de abril: Día das matemáticas nos centros galegos.** [Propostas e iniciativas.](#)
- **Actividades que se están a celebrar no ámbito de Ferrol.**
 - **O Centro de Formacion e Recursos de Ferrol editará proximamente un número especial da súa revista "Ideas", polo Ano Mundial das Matemáticas.**
[Xornadas: O Ano Mundial das Matemáticas](#)
 - **Concurso Semanal no periódico [Diario de Ferrol](#) sobre persoeiros do mundo matemático, todos os domingos a partir do día 6 de febreiro.**
 - **Está confirmado (al menos) un tramo das alfombras florais de Ares, 400-500m.**
 - **Exposición de Anamorfosis no Ateneo Ferrolán (Colabora a Universidade da Coruña) do 24 de marzo ó 5 de abril.**
 - **Está en marcha o Concurso de Fotografía no ámbito de Ferrolterra.**
- **Reunión de decanos e directores de matemáticas en Santiago de Compostela.** 18

y 19 de FEBRERO DE 2000.

[Presentación](#). [Programa](#). [Participantes](#).

- **Póster e pegatinas AMM2000 editados polo MEC**

O MEC editou un dos pósters e varias pegatinas das ganadoras do concurso convocado polo CEAMM2000. Os Comités locais xa teñen recibido algúns exemplares, pero poden mandar imprimir máis a súas expensas se así o desexan. Nese caso, contactar con José Manuel Arza, tfno: 91 5731005.

- **Lotería Nacional e Matemáticas**

A Lotería Nacional celebrou un sorteo o día 12 de febreiro adicado á conmemoración do Ano Mundial das Matemáticas. Na viñeta do décimo figura como motivo o cartel oficial do AMM e no texto se fae constar a celebración.

- **Actividades do *I.E.S. Curtis*:**

1.- Exposición de láminas de M.C. Escher (6 láminas, 2 puzzles e 30 postales) clasificadas por temas. Xa foron expostas no centro e poden presta-las a quen esté interesado.

2.- Exposición de Fotografía Matemática de Carlos F. R.: 50 fotos enmarcadas e acompañadas dunha ficha de actividades para diferentes niveis. Estará exposta no IES Curtis no mes de febreiro e na Universidade da Coruña- Campus de Ferrol, 15 días entre marzo e abril. Despois estará disponible a quen a quera solicitar.

- **Acordo da Xunta de Goberno da
Universidade de Santiago**

A proposta do decano da Facultade de Matematicas a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesion do dia 17 de Febreiro de 2000, acordou apoia-la celebracion patrocinada pola UNESCO do Ano Mundial das Matematicas AMM2000

- **Acordo da Xunta de Goberno da
Universidade da Coruña**

A Xunta de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión do día 21 de decembro de 1999, acordou adherirse á Declaracion de Rio de Janeiro sobre as Matematicas e sumarse á celebración do Ano Mundial das Matematicas 2000 mediante a organización de actividades na Universidade.

- **Acordo da Xunta de Goberno da
Universidade de Vigo**

A Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do dia

24 de xaneiro do 2000, acordou apoiar a celebración do Ano Mundial das Matemáticas.

• **XXXVI Olimpiada Matemática Española**

A Real Sociedad Matemática Española (RSME) convoca, baixo o patrocinio da Subdirección General de Becas y Ayudas al Estudio do Ministerio de Educación y Cultura, a XXXVI Olimpiada Matemática Española.

- [Bases](#) [Problemas e solucións das últimas Olimpiadas](#)
- [Boletín de inscripción](#) [Material para preparación](#)